



Ayuntamiento
de Vitoria-Gasteiz
Vitoria-Gasteizko
Udala



Vitoria-Gasteiz
Hiri Hezitzailea
Ciudad Educadora
HHESen Hiri Koordinatzailea
Ciudad Coordinadora de la RECE

Estimadas amigas e amigos,

Como Alcalde de Vitoria-Gasteiz e Concelleira de Educación e Cultura, queremos agradecervos a confianza depositada na nosa cidade para coordinar a Rede Estatal de Cidades Educadoras (RECE) durante o presente período.



D. Gorka Urtaran
Agirre. Alcalde de
Vitoria-Gasteiz

Asumimos este reto de traballo desde a ilusión e a responsabilidade, recollendo o bo saber facer das cidades que nos precederon e que contribuíron, todas elas, a crear unha rede forte de cidades comprometidas coa educación. Os gobernos locais consideramos que o desenvolvemento da Cidade Educadora debe superar as fronteiras da educación formal. Por iso, o desenvolvemento da educación, nun sentido amplo, incúmbenos e implícanos de maneira directa. Sen dúbida, é un instrumento en favor da igualdade e da cohesión social e, nese sentido, ten que ser un dos obxectivos estratéxicos da axenda política dos gobernos locais.



D.ª Estíbaliz Canto
Llorente.
Concelleira de
Educación e Cultura

Agora, como Cidade Coordinadora, o noso reto é garantir un proceso óptimo de traballo que contribúa a un maior fortalecemento da RECE e que responda ás novas necesidades detectadas no marco da Rede e das cidades asociadas.

Os tempos que vivimos, en torno á problemática que presenta a COVID-19, non son fáciles e abócannos a escenarios descoñecidos. Porén, isto non impide que sigamos a traballar como fixemos ata agora. Deste xeito, gustaríanos informarvos de que a Comisión de Seguimento da RECE, que se reuniu en Sevilla o 11 de marzo de 2020, aprobou a **posta en marcha das redes temáticas** que se indican a continuación.

As cidades que se citan coordinarán as devanditas redes no presente período. Se as circunstancias actuais establecesen a necesidade de facer cambios sutís con respecto ao espazo temporal habitual de desenvolvemento das redes temáticas, informariámosvos con suficiente antelación.

Redes temáticas:


1. "Modelos de traballo cooperativos: re-acción dunha Cidade Educadora". Coordinada por Avilés.
2. "Os obxectivos de desenvolvemento sostible coa implicación da infancia". II fase. Coordinada por Lleida.
3. "Cidades igualitarias e libres de violencia de xénero". Coordinada por Sevilla.
4. "Cidade Inclusiva, Cidade Educadora". Coordinada por Vitoria-Gasteiz.

Animámosvos a inscribivros e participar activamente. Para facelo, tedes que cubrir e enviar o formulario correspondente a través de Internet **antes do 30 de abril de 2020, inclusive**. A aquelas cidades que queirades participar en máis dunha rede, agradeceríámosvos que as marquedes por orde de prioridade posto que o número dispoñible de prazas é limitado en cada rede. Isto facilitará a labor da Comisión de Seguimento, que será a encargada da confirmación da praza.

O Concello de Vitoria-Gasteiz dispón do Servizo Municipal de Educación, que será o responsable de realizar todas as tarefas técnicas que se requiran para unha boa coordinación da RECE no presente período. Desta maneira, invitámosvos a poñervos en contacto co mencionado Servizo para obter toda a información que precisedes relativa á inscrición nas redes telemáticas ou a calquera outra cuestión vinculada á RECE. Podedes facelo a través da dirección electrónica: **recevg@vitoria-gasteiz.org**

Reiteramos o noso agradecemento pola confianza depositada e enviámosvos o noso máis sincero apoio nestes momentos difíciles, así como a forza precisa para afrontar as consecuencias da COVID-19.

En Vitoria-Gasteiz, a 14 de abril de 2020



D. Gorka Urtearan Agirre
Alcalde de Vitoria-Gasteiz



D.ª Estibaliz Canto Llorente
Concelleira de Educación e Cultura